

au2009

audiovisual nas aulas

PROGRAMA AUDIOVISUAL NAS AULAS 2009

Con carácter de experiencia pioneira no conxunto do estado español, e promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Secretaría Xeral de Comunicación, naceu o programa Audiovisual nas Aulas, comezou no curso 2003-2004 coa finalidade de que os centros de ensino non universitario de Galicia puideran iniciarse e introducir no currículo escolar contidos relacionados co audiovisual, coa animación, coa televisión e novas tecnoloxías. O seu obxectivo prioritario é contribuír a un maior coñecemento do audiovisual galego en todas as súas modalidades, respondendo a unha das demandas dos diferentes colectivos de profesionais do sector. Outros obxectivos do programa son:

- Dotar ao alumnado dunha alfabetización audiovisual básica.
- Fomentar o espírito crítico ante o audiovisual.
- Potenciar o coñecemento do audiovisual galego.
- Achegar ao alumnado aos creadores e artífices do audiovisual galego.

Dada a boa aceptación do programa nas súas edicións anteriores, máis de cen centros educativos implicados, quérese poñer en marcha unha nova edición, AU2009-Audiovisual na Aulas, para o que se abre o prazo de admisión de solicitudes e se establecen as súas bases reguladoras.

Destinatarios do programa

40 Centros públicos de ensino non universitario: educación infantil, primaria e secundaria:

-15 de educación infantil e primaria (5 A Coruña, 4 Pontevedra, 3 Lugo, 3 Ourense).

-25 de educación secundaria (8 A Coruña, 7 Pontevedra, 5 Lugo, 5 Ourense).

Duración

Ao longo do curso académico 2008/2009

Dotación

Os centros participantes recibirán, dependendo da fase na que se encontren, os seguintes materiais:

- Sesións didácticas impartidas por un monitor especializado.
- Pósters e unidades didácticas monográficas.
- Visitas a estudos de produción e gravación, así como a TVG e TVE-G.
- Asistencia á proxección de filmes galegos en pantalla grande.
- Realización de obradoiros de animación en plastilina.
- Gravación de curtametraxes utilizando teléfonos móbiles.
- Prácticas de dobraxe.
- Visionado de curtametraxes nos centros, cá presenza do persoal técnico e artístico.

Requisitos de participación

- Contar coa aprobación do Claustro e do Consello Escolar
- Compromiso por parte do centro de aceptar os criterios de coordinación desde o Consorcio Audiovisual de Galicia.
- Contar con un ou unha docente que desempeñe as labores de coordinación do programa.
- Cada centro participará cun mínimo de 30 alumnos e un máximo de 45, dependendo da actividade asignada.

Criterios de selección

Coa finalidade de seleccionar aos centros participantes establécense os seguintes criterios.

- Xeográfico, atendendo á distribución por provincias.
- Experiencia previa do centro en actividades relacionadas co audiovisual (1-10 puntos).
- Formación da persoa coordinadora (1-5 puntos).
- Centros que no seu currículo inclúan contidos relacionados co audiovisual. (1-20 puntos).
- As actividades extraescolares que oferte o centro e que inclúan contidos audiovisuais (1-10 puntos).
- Dotación de centro en infraestruturas ao servizo da actividade. (1-5 puntos).

Prazo de solicitude

Un mes dende a publicación desta convocatoria.

Documentación a presentar

Os centros interesados en participar, antes da data indicada, deben enviar por correo electrónico a info2@consorcioaudiovisualdegalicia.org:

- Anexo I.
- Arquivo coa acta do Claustro do Consello Escolar dixitalizada.
- Outros documentos que acrediten a experiencia do centro ou da persoa coordinadora, dixitalizados.

Recepción de solicitudes

Consorcio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo, 61, 1º andar

15702-Santiago de Compostela (A Coruña)

Información e contacto

Web: <http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org>

Enderezo electrónico: info2@consorcioaudiovisualdegalicia.org

Teléfono: 981545063 Fax: 981545847

Coordinador: Miguel Anxo Fernández

Coordinador técnico: Jorge Obispo Martínez

ANEXO I

Modelo de solicitude de participación

Datos do centro			
DENOMINACIÓN		CÓDIGO	
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	
CORREO ELECTRÓNICO @edu.xunta.es	TELÉFONO	FAX	
COORDINACIÓN APELIDOS E NOME	NIF	NRP	
CORREO ELECTRÓNICO @edu.xunta.es	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL	
Aprobación do Claustro e do Consello Escolar Si / NON	Número de alumnado participante	Curso ao que pertence o alumnado seleccionado	Número de profesorado implicado
Experiencia previa do centro en actividades relacionadas co audiovisual			
Formación da persoa coordinadora			
Centros que no seu currículo inclúan contidos relacionados co audiovisual			
Accións relacionadas co audiovisual nas actividades extraescolares.			
Dotación de centro en infraestruturas ao servizo da actividade			

Don/a.....director/a do centro,
solicita a participación no programa Audiovisual nas Aulas 2009 e certifica
que o centro asume o compromiso de aceptar os criterios de coordinación
do programa desde o Consorcio Audiovisual de Galicia.

En....., a de de 2008

Asdo.: